

INFORME



BANDEIRAS NEGRAS 2023



INFORME BANDEIRAS NEGRAS 2023



GALIZA

O informe Bandeiras Negras otorga dúas bandeiras por cada provincia litoral. A comunidade autónoma galega recibe seis bandeiras negras correspondentes as súas tres provincias costeiras: Pontevedra, A Coruña e Lugo.

Provincia de Pontevedra

- **Bandeira Negra por mala xestión:** Concello de Vigo por designar praia canina ao areal de A Calzoa.
- **Bandeira Negra por contaminación:** Factoría de ENCE en Pontevedra e o Tribunal Supremo.

Provincia de A Coruña

- **Bandeira Negra por mala xestión:** Mina de San Finx, Lousame.
- **Bandeira Negra por contaminación:** Mina de Touro.

Provincia de Lugo

- **Bandeira Negra por mala xestión:** Praia de Areoura.
- **Bandeira Negra por contaminación:** Factoría de Alcoa en San Cibrao.



PONTEVEDRA BANDEIRA NEGRA POR MALA XESTIÓN



Coordenadas:
N 42° 12' 8.193"
O 8° 46' 56.968"

Localización:
Concello de Vigo

Concello de Vigo por designar praia canina ao areal de A Calzoa

Motivo: A perda de biodiversidade é un problema ambiental grave en todo o planeta. A cada vez máis popular presenza de mascotas no medio natural foi obxecto de diferentes estudos que cuantifican e advirten dos danos causados á fauna silvestre, especialmente ás aves litorais. No caso concreto de Vigo, que conta con menos de 300.000 habitantes, o número de cans censados supera os 35.000, polo que o manexo e xestión das súas necesidades deberían ser responsables e respectuosos co medio natural, así como coa sociedade tanto urbana como rural desta cidade.

A designación da Calzoa como praia canina por parte do Concello de Vigo supuxo unha continua perda de biodiversidade. Ademais do impacto negativo sobre aves, moitas delas catalogadas en Directivas Europeas, a incipiente e esperanzadora presenza de londras nesta praia tamén se viu negativa e drasticamente afectada pola constante afluencia de mascotas que lles impiden desprazarse entre o río e o mar, o que resulta vital para a súa supervivencia.


PONTEVEDRA BANDEIRA NEGRA POR MALA XESTIÓN

Antecedentes: A Calzoa forma parte da desembocadura do río Lagares, xunto á súa marisma e o seu estuario, o que a fai única con respecto ao resto de praias do municipio de Vigo e é, con diferenza, o ecosistema que alberga as maiores taxas de biodiversidade de todo ese tramo de costa. Os censos e observacións de aves anilladas realizados por asociacións de estudo da natureza evidencian a riqueza ornitolóxica que tiña este enclave.

A praia da Calzoa conta co Hábitat Natural de Interese Comunitario “Dunas móbiles do litoral con *Ammophila arenaria* catalogado co código 2120 na Directiva 92/43/CEE. Segundo esta directiva europea, un hábitat de interese comunitario que se atopa ameazado de desaparición na súa área de distribución natural e require da designación de zonas de especial conservación.

Mantén especies propias deste ecosistema de tan alto valor ecolóxico e mesmo catalogadas en perigo de conservación como son o Carrizo (*Ammophila arenaria*), o Paxariño amarelo (*Linaria polygalifolia*), o Alhelí de mar (*Malconia littorea*), a Cebola das gaivotas (*Pancratium maritimum*), o Perexil de mar (*Crithmum maritimum*) e especies de euphorbias entre outras. Ademais, esta duna alberga especies de paseriformes cuxa presenza é vital no mantemento das cadeas tróficas dentro da duna como son a Pega rabilonga (*Pica pica*), o Colirrojo tizón (*Phoenicurus ochruros*), o Pardillo común (*Cordelius cannabina*), a Lavandeira branca (*Motacilla alba*), a Bisbita pratense (*Anthus pratensis*), a Andoriña común (*Hirundo rustica*) e o Gorrión común (*Passer domesticus*) entre outros

Contexto: A Calzoa foi transformada nun arieiro canino descoidado, carente de vixilancia, horarios e aforo. A pesar de ser a primeira causa das denuncias na cidade, na praia canina non se



O río Lagares é o principal curso fluvial de Vigo e, no seu tramo final, na súa desembocadura, forma un pequeno estuario e, asociada a leste, sitúase unha marisma costeira, a Xunqueira do Lagares, lindeira coa praia da Calzoa. Os estuarios son zonas de alto valor ecolóxico, cunha alta produtividade polo que albergan gran variedade de fauna: réptiles, anfibios, peces, insectos, mamíferos, ... e aves que elixen estes espazos para vivir de forma permanente ou como lugares de descanso nos seus pasos migratorios.

PONTEVEDRA BANDEIRA NEGRA POR MALA XESTIÓN




impoñen as sancións correspondentes ao incumprimento das normativas obrigatorias das ordenanzas municipais. Presentáronse centos de queixas e denuncias por mor do deplorable estado hixiénico sanitario no que se atopa a praia, pola frecuente presenza de cans potencialmente perigosos soltos sen boceira, a falta de vixilancia e os constantes incumprimentos das normativas. Un espazo público de convivencia foi transformado nun lugar de constantes conflitos, nos que usuarios cívicos son obrigados a exercer como únicos defensores dos seus dereitos, producíndose enfrontamentos que mesmo chegaron a vergoñosas agresións físicas.

O estado hixiénico sanitario da praia foi denunciado en multitude de ocasións #ante a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia pero, a pesar das inspeccións desfavorables, non se impoñen sancións á administración local responsable.

O incumprimento dos requisitos esixidos para a súa aprobación como praia canina, denunciouse en varias ocasións na delegación provincial de Costas do Ministerio de Transición Ecolóxica, onde tamén se presentaron as correspondentes alegacións e firmas en contra da designación da Calzoa como praia canina. Ante a impotencia xerada polo silencio por parte desta administración, mesmo se solicitou mediación ao delegado do goberno en Galicia, quen delegou na representante do goberno na provincia de Pontevedra e da que se segue esperando resposta.

Resumo: A praia da Calzoa está situada na parroquia de Coruxo, no treito final do río Lagares e a súa marisma (Xunqueira do Lagares), o humidal máis importante do municipio de Vigo, feito que lle achega unha gran relevancia ambiental sobre todo no tocante á presenza de aves acuáticas alimentándose e descansando debido á súa proximidade á citada marisma que posúe unha importante comunidade de aves.

Nº individuos de especies migratorias en A Calzoa



En varias ocasións denunciáronse ataques directos a aves na zona por parte de cans, como é o caso dos ánades reais (Anas platyrhynchos) que son reprodutoras na Xunqueira do Lagares e que, habitualmente, descenden polo curso do río cara á praia cos seus pitos. O aumento de cans soltos na zona causou molestias e a morte de especies de aves, principalmente en épocas vulnerables como a de cría ou migración.

PONTEVEDRA BANDEIRA NEGRA POR MALA XESTIÓN





Ademais, atópase situada xunto ao recentemente aprobado Espazo Natural de Interese Local Complexo Duna e Areal do Vao-Baluarte, no límite da ZEPA “Rías Baixas”, pertencente á Rede Natura 2000, rede ecolóxica de áreas de conservación da biodiversidade na Unión Europea, e a seis millas de distancia do Parque Nacional Marítimo Terrestre Illas Atlánticas de Galicia (Illas Cíes).

Neste areal aparecían aves catalogadas no Anexo I da Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 30 de novembro de 2009 relativa á conservación das aves silvestres. As especies citadas neste anexo deben ser obxecto de medidas de conservación do seu hábitat co fin de asegurar a súa supervivencia.

Na praia da Calzoa aliméntanse aves limícolas en migración e exemplares invernantes que repousan ou pasan a noite no interior da marisma do Lagares. Especies como o Ostrero euroasiático (*Haematopus ostralegus*), o Mazarico trinador (*Numenius phaeopus*), a Agulla colipinta (*Limosa lapponica*), o Archibebe común (*Tringa totanus*), o Chorlito dourado europeo (*Pluvialis apricaria*), o Chorlitejo grande (*Charadrius hiaticula*), o Chorlitejo mozo (*Charadrius dubius*), o Correlimos común (*Calidris alpina* e *Calidris a. schinzii*), o Andarríos mozo (*Actitis hypoleucos*) e a Vuelvepiedras (*Arenaria interpres*).

Moitas destas aves precisan do areal da Calzoa para alimentarse e poder continuar o seu camiño migratorio desde as zonas de cría (no ártico) ata as de invernada (en ocasións tan ao sur como Sudáfrica). Moi destacable era a presenza neste areal de aves procedentes da marisma, que utilizan este espazo para alimentarse como, por exemplo: o *Ánade real (*Anas platyrhynchos*), o Martín pescador (*Alcedo atthis*), a Garza real (*Ardea cinerea*) ou a Garceta común (*Egretta garzetta*).




Antes de ser designada praia canina, non era raro observar na Calzoa a presenza de londras (*Lutra lutra*) no seu camiño do mar á Xunqueira do Lagares. Este mamífero protexido está catalogado como “Vulnerable” no libro vermello dos vertebrados de España, é unha especie estritamente protexida no Convenio de Berna, incluída no Anexo II dos Directiva Hábitats: Especie de interese comunitario para cuxa conservación é preciso designar Zonas Especiais de Conservación e no Anexo IV: Especies de Interese comunitario que requiren protección estrita.

PONTEVEDRA BANDEIRA NEGRA POR MALA XESTIÓN



Así como aves mariñas que tamén precisan desa zona para a súa alimentación e descanso como o Charrán patinegro (*Sterna sandvicensis*), o Charrán común (*Sterna hirundo*), a Gaivota reidora (*Chroicocephalus ridibundus*), o Corvo mariño moñudo (*Phalacrocorax aristotelis*), o Corvo mariño grande (*Phalacrocorax carbo*), a Gaivota patiamarilla (*Larus michahelis*), a Gaivota sombría (*Larus fuscus*), a Gaivota cabecinegra (*Larus melano-cephalus*) e o Alca común (*Alca torda*).

Desde xaneiro de 2005, a asociación de protección da natureza “Fontaiña” realiza censos de aves acuáticas invernantes (primeira quincena de xaneiro), en paso prenupcial (primeira quincena de abril) e postnupcial (primeira quincena de setembro) na praia da Calzoa e nestas xornadas de estudo ornitolóxico viñan observando, ata a designación de espazo de espaxamento canino, preto de 40 especies de aves acuáticas diferentes. Os resultados dos censos de aves acuáticas en paso postnupcial oscila entre os 18 individuos de 2015 e os 44 de 2017, pero en 2018 non se observa xa ningún individuo de ningunha especie migratoria debido á presenza xa de cans na praia. Na actualidade é imposible observar aves na area ou nas rocas próximas á mesma e



A existencia de cans soltos é incompatible coa presenza de aves e outras especies animais, como o propio concello advirte en paneis informativos na mesma zona. Pola súa natureza, resulta imposible controlar que as mascotas non accedan libremente ás zonas non permitidas pois non existe ningún impedimento físico que o evite.

PONTEVEDRA BANDEIRA NEGRA POR MALA XESTIÓN



tan só obsérvanse gaiotas e corvos mariños nas rocas máis inaccesibles.

A presenza de aves non acuáticas, como o Pardillo común (*Carduelles cannabina*), nas dunas da Calzoa pasou de ser común antes da declaración da praia para cans a desaparecer pola presenza destes dentro da duna. Ademais do declive ornitolóxico, non se volveu a constatar a presenza de londra nesta praia desde que foi designada praia de espaxemento canino.

Solucións ou propostas de mellora: A solicitude de clausurar este areal como canino e devolvelo ao seu estado anterior conta co apoio de máis de 3000 firmas, un manifesto asinado, a día de hoxe, por máis de 50 colectivos sociais e asociacións de estudo e defensa da natureza (entre os que ademais de Ecoloxistas en Acción atópanse SÉ Birdlife, Amigos da Terra, Sociedade Galega de Ornitoloxía, Sociedade Galega de Historia Natural,...) e por persoas destacadas da comunidade científica, expertas en ecoloxía e conservación.

Para dotar a este areal dunha figura de protección propúxose estender o ENIL Vao - Baluarte ata a desembocadura do río Lagares, englobando as praias da Calzoa, Foz e Fontaiñas, ademais do propio estuario do río.



A cidade perdeu ademais unha ferramenta de educación ambiental sen alternativa local. A Calzoa non só era visitada por ornitólogos de toda Galicia e España, senón que tamén era obxecto, xunto á marisma lindeira, de diferentes actividades de educación ambiental e lectivas realizadas por centros educativos da cidade.

PONTEVEDRA BANDEIRA NEGRA POR CONTAMINACIÓN



Coordenadas:
42° 24' 57.528" N
8° 40' 8.616" O

Localización:
Concello de Pontevedra.

ENCE e o Tribunal Supremo

Motivo: “Garantir o uso público do mar, da súa ribeira e do resto do dominio público marítimo-terrestre, sen máis excepcións que as derivadas de razóns de interese público debidamente xustificadas” Se, isto di a lei de Costas de 1988 no seu artigo 2b sobre os seus fins. Como é posible entón a Sentenza do Tribunal Supremo que anula outra da Audiencia Nacional contra a prórroga por 60 anos á concesión de ocupación do Dominio Público Marítimo Terrestre por unha fábrica de pasta de papel da empresa ENCE na localidade de Vos Praceres, en Pontevedra.

Pois ben, unha sala dominada por xuíces do denominado “sector conservador” do TS, expresando as “ideas” dun partido conservador e o seu desmedido afán por favorecer a unha empresa, en base a un debate procesual pueril e enganoso, culmina cunha infame sentenza que implicará a permanencia da factoría de ENCE durante un mínimo de 60 anos máis; o período de duración da prórroga que Mariano Rajoy, xa en funcións, concedera en 2018 á empresa, que conta con dous destacados membros do PP no seu consello de administración.

PONTEVEDRA BANDEIRA NEGRA POR CONTAMINACIÓN



Antecedentes: A empresa ENCE, a entón estatal Empresa Nacional de Celulosas, obtivo unha concesión inicial, en precario, en 1958, para encher e ocupar as marismas de Vos Praceres. Desde o inicio da súa actividade, en 1963, a empresa verteu e emitiu á atmosfera miles de toneladas de produtos contaminantes de todo tipo, algúns de gran perigo para a saúde humana e o medio natural como compostos organo-haloxenados, compostos sulfurados ou metais pesados. A presión cidadá levou a que, en 1994, despois de décadas de soportar graves molestias e moi probables e aínda non ben ponderados danos á saúde dos habitantes da comarca, a empresa sometécese a transformacións que reduciron en certa medida o seu impacto.

Con todo, ENCE seguiu e segue emitindo gases que dan lugar a molestos cheiros con episódicos eventos que cursan con molestias de garganta e mucosas e é tamén é unha importante emisora á atmosfera de partículas sólidas e derivados de xofre, por non falar dos gases de efecto invernadoiro, xa que ENCE atópase entre as 4 empresas máis contaminantes de Galicia. Segue vertendo entre 30 e 40 millóns de litros diarios de augas contaminadas que incumpren, co beneplácito da Xunta de Galicia, frecuentemente, os límites establecidos pola directiva 91/271 de augas residuais urbanas para parámetros como sólidos en suspensión ou demanda química de osíxeno.

Ademais, o estudo microbiolóxico que se realiza periodicamente nas súas verteduras adoita mostrar unha carga, en algúns casos moi elevada, de coliformes fecais que proliferan nas condicións nas que se fabrica a pasta.

No ano 2002 a empresa foi condenada por delito ecolóxico continuado. A empresa produce ademais un severo impacto paisaxístico e urbanístico ao afectar o crecemento das cidades de Pontevedra e Marín de cuxa conurbación forma parte. Ao



Desde o inicio da súa actividade, en 1963, a empresa verteu e emitiu á atmosfera miles de toneladas de produtos contaminantes de todo tipo, algúns de gran perigo para a saúde humana e o medio natural como compostos organohaloxenados, compostos sulfurados ou metais pesados.

PONTEVEDRA BANDEIRA NEGRA POR CONTAMINACIÓN



consumir madeira de eucalipto, unha especie pirófita e invasora, impón unha política forestal que modifica as paisaxes, favorece a expansión dos incendios e destrúe chans e biodiversidade.

Contexto: A promulgación da lei de costas, en 1988, abriu un horizonte de esperanzas para os habitantes do litoral e da comarca onde se atopa a industria en particular. Esta lei establecía para as empresas xa instaladas en Dominio Público Marítimo Terrestre unha concesión de trinta anos tras a cal debía abandonar o dominio público. A única posibilidade de obter unha prórroga para estas concesións quedaba “para aquelas actividades ou instalacións que, pola súa natureza, non poidan ter outra localización” co que, teniendo en cuenta que a de ENCE é a única fábrica de pulpa do estado español instalada en dominio público, é evidente que a empresa debería abandonar a súa localización en xuño do ano 2018.

Antes desta data, prodúcese unha turbia historia de portas giratorias, de hibridación entre empresa e administracións e de forzamiento legislativo que culmina cando, en 2018, tras a moción de censura e con Mariano Rajoy, xa en funcións, outorga á empresa a prórroga da concesión de ocupación de Dominio Público Marítimo Terrestre. Tras presentarse tres recursos ante a Audiencia Nacional por parte do Concello de Pontevedra, Greenpeace e a Asociación Pola Defensa da Ría, a Audiencia Nacional falla anulando a prórroga tras comprobar con claridade que unha fábrica de papel pode instalarse en calquera lugar fose do dominio público.

A empresa, os traballadores de ENCE e empresas aliadas de ENCE, presentaron un recurso de casación ante o Tribunal Supremo que é abordado por unha sala onde a maioría dos membros pertencen ao “sector conservador” salvo unha maxistrada que emite o seu voto particular contrario ao sentido da sentenza e, desatendendo



A promulgación da lei de costas, en 1988, abriu un horizonte de esperanzas para os habitantes do litoral e da comarca onde se atopa a industria en particular. Esta lei establecía para as empresas xa instaladas en dominio público marítimo-terrestre unha concesión de trinta anos tras a cal debía abandonar o dominio público.

PONTEVEDRA BANDEIRA NEGRA POR CONTAMINACIÓN



ao contido da lei de costas e o seu regulamento, fan unha interpretación da lei sui*gé*neris, interesada e harmónica cos afáns conservadores de protexer os intereses da empresa. Condénase así á comarca para seguir sufrindo as molestias e danos consecuentes á actividade de ENCE, ampárase unha actividade cunha elevada pegada de carbono e obrígase a Galicia a manter unha política forestal destrutiva e empobrecedora.

Resumo: O “sector conservador” de Tribunal Supremo emitiu un “fallo de parte” ditado polo Partido Popular en desmedido afán por defender os intereses de ENCE en cuxo consello de administración sentan altos cargos do partido. Consólidase unha ameaza xa que de nada serve unha lexislación protectora dos dereitos civís e do medio ambiente se os responsables de facela cumprir sométense aos intereses das empresas e ditan sentenzas contrarias á propia lexislación. O Tribunal Supremo ha ditado unha sentenza contraria ao establecido na lei de Costas, os seus Regulamentos, a lei de Patrimonio, a xurisprudencia do Tribunal Constitucional, a lexislación europea, e a Constitución Española.

Solucións ou propostas de mellora: Queda claro que os dereitos civís básicos non están garantidos. Os dereitos a un tribunal independente e imparcial e a presentar un recurso efectivo ante os tribunais quedan en dúbida cando os maxistrados pónense ao dispor dos intereses económicos aos que serve un partido como ocorreu no caso da prórroga de ENCE.

Debemos seguir defendendo os dereitos civís esenciais que parecían xa asegurados para sempre como parte da defensa ambiental. Debemos esixir tribunais obxectivos que apliquen as leis sen interpretacións políticas ao servizo de partidos ou empresas.

A CORUÑA BANDEIRA NEGRA POR MALA XESTIÓN



Coordenadas:
42° 45' 11.556" N
8° 49' 17.544" O

Localización:
Concello de Lousame.


Minas de San Finx

Motivo: Nas Minas de San Finx, os labores subterráneos da concesionaria, Tungsten San Finx S.L. pertencentes á empresa australiana Pivotal Metals Ltd. (e anteriormente ao grupo Sacyr), provocan drenaxes acedas de mina, debido ás infiltracións de auga en contacto con quilómetros de galerías. Estas augas residuais industriais mineiras de baixo pH favorecen a disolución de metais pesados. Nas Minas de San Finx, as drenaxes presentan altos niveis de cadmio, cobre e cinc. Especialmente preocupantes son as concentracións de cadmio, definido como substancia perigosa prioritaria. As verteduras prodúcense 7 km arriba da ría de Muros e Noia, no LIC “Esteiro do Tambre”.

Antecedentes: O caudal das drenaxes de augas acedas de mina que se verte con altas concentracións destes metais sen tratar é na actualidade de aproximadamente 50.000 litros por hora.

En febreiro de 2023 outorgouse autorización de vertedura para aumentar as verteduras por bombeo ata preto de 1000 millóns de litros por ano. Na ponte de Traba, preto da desembocadura do río, na parte máis interior da Ría de Muros-Noia, a pesar da dilución, o

A CORUÑA BANDEIRA NEGRA POR MALA XESTIÓN



valor de cadmio continúa superando o límite legal para a media anual (NCA MA).

Entre 1928 e 1939 as concesionarias construíron dúas presas de residuos mineiros. Ditas presas están completamente colmatadas e moi deterioradas. A súa rotura implicaría a vertedura de centos de miles de toneladas de residuos mineiros sobre a Ría de Muros-Noia, e a afectación irreparable dos bancos de marisqueo que son o principal motor económico da zona, xerando máis de 5.000 empregos e unha facturación de case 20 millóns de euros anuais. En comparación, o proxecto mineiro apenas contempla 12 postos de traballo.

No ano 2000 a concesionaria deixou de presentar os plans de labores mineiros (que incluían as presas de residuos), pero a Administración non declarou a caducidade das concesións. En 2009 unha nova empresa concesionaria tentou reactivar a explotación, pero foi a concurso de acredores en 2013, despois de recibir case 2 millóns de euros en subvencións. Sacyr adquiriu a mina en 2015, pero desfíxose dela en 2021 tentando fuxir das responsabilidades ambientais. Sacyr presionou á Xunta para que outorgue a autorización de vertedura á empresa australiana, xa que esta era unha condición resolutoria de compra-venda das concesións.

Contexto: Os proxectos de explotación e restauración presentados non foron sometidos ao trámite de Avaliación de Impacto Ambiental (EIA) nin ao de información pública, a pesar da obrigatoriedade legal dos devanditos trámites. Estes proxectos de 2009, que pretenden facerse valer na actualidade, non prevén o tratamento das drenaxes acedas de mina, nin a retirada das presas mineiras do río, nin a restauración do espazo afectado pola actividade mineira. Tanto Valoriza Minería, filial do Grupo Sacyr, como actualmente Pivotal Metals Ltd., empresa australiana



Entre 1928 e 1939 as concesionarias construíron dúas presas de residuos mineiros. Ditas presas están completamente colmatadas e moi deterioradas. A súa rotura implicaría a vertedura de centos de miles de toneladas de residuos mineiros sobre a Ría de Muros-Noia, e a afectación irreparable dos bancos de marisqueo que son o principal motor económico da zona


A CORUÑA BANDEIRA NEGRA POR MALA XESTIÓN

vinculada cun conglomerado opaco con sedes en paraísos fiscais denominado Starboard Global Ltd., desenténdense das presas e outras responsabilidades de restauración alegando que non forman parte do proxecto de explotación ou que os altos niveis de metais pesados débense a un inexistente fondo natural. A ausencia de autorizacións ambientais non impediu que a Comisión Europea haxa outorgado subvencións a Valoriza Minería para proxectos localizados na mina San Finx, como NEXT ou iTarg3T, coa participación activa do CSIC.

Administracións responsables: Dirección Xeral de Política Enerxética e Recursos Naturais, Augas de Galicia, Consellería de Medio Ambiente, Concello de Lousame.

Base legal: RD-Leg. 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos (vixente ata o 12/12/13); Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental; Orde do 26 de abril de 2000 pola que se aproba a Instrución Técnica sobre Depósitos de lodos en procesos de tratamento de industrias extractivas (vixente ata o 14/06/2009); Real Decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras; e Real Decreto Legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas.

Estado de tramitación: En 2016 a empresa concesionaria solicitou a Augas de Galicia, organismo autonómico de conca, a autorización de vertedura de residuos industriais de mina, tramitándose o proxecto a pesar de non someterse a EIA. A autorización foi outorgada en febreiro de 2023, nun proceso totalmente irregular que tardou máis de 7 anos en resolverse. Iniciáronse dilixencias penais contra os funcionarios responsables pola tramitación, ao non aplicar o canon de control de verteduras



En 2016 a empresa concesionaria solicitou a Augas de Galicia, organismo autonómico de conca, a autorización de vertedura de residuos industriais de mina, tramitándose o proxecto a pesar de non someterse a EIA. A autorización foi outorgada en febreiro de 2023, nun proceso totalmente irregular que tardou máis de 7 anos en resolverse.

A CORUÑA BANDEIRA NEGRA POR MALA XESTIÓN

e ao non iniciar expedientes sancionares contra a empresa. A isto súmanse outros procedementos penais en curso por presuntos delitos de prevaricación, falsidade documental e delitos contra o medio ambiente. En relación con eles, varios funcionarios e altos cargos están imputados por diversos feitos, incluíndo informar que a maior das presas de residuos mineiros sería de uso hidroeléctrico (en 2019) e para un muíño de millo (en 2020). En 2020 a enxeñeira facultativa da Administración informou que a omisión de trámite ambiental impide continuar a explotación.

Impacto social e ambiental: O Proxecto de Explotación da mina actualmente vixente contempla un total de 12 postos de traballo durante os dez anos previstos de explotación. Fronte a isto, a ría ofrece unha pluralidade de realidades económicas sostibles, para as presentes e as futuras xeracións. Actualmente máis de 5.000 persoas familias viven do marisqueo na ría, actividade ameazada pola contaminación con metais pesados procedentes da mina.

Confrarías de pescadores, agrupacións de produtores e asociacións ambientais veñen esixindo ás Administracións o estricto cumprimento da lei: depurar as responsabilidades penais, restaurar o espazo afectado polas presas de residuos mineiros e paralizar a actividade mineira, incluíndo as verteduras, mentres esta non se someta a unha avaliación de impacto ambiental e conte coas autorizacións preceptivas.

Solucións ou propostas de mellora: Decretar a suspensión inmediata da actividade extractiva. Selaxe dos labores mineiros mediante a instalación de comportas (bulkheads) para permitir a súa reinundación. Retirar os residuos das balsas de relaves e proceder á súa demolición. Extinguir a concesión e restaurar ambientalmente a zona.



Confrarías de pescadores, agrupacións de produtores e asociacións ambientais veñen esixindo ás Administracións o estricto cumprimento da lei: depurar as responsabilidades penais, restaurar o espazo afectado polas presas de residuos mineiros e paralizar a actividade mineira, incluíndo as verteduras, mentres esta non se someta a unha avaliación de impacto ambiental e conte coas autorizacións preceptivas.

A CORUÑA BANDEIRA NEGRA POR CONTAMINACIÓN



Coordenadas:
42° 52' 58.512" N
8° 20' 58.019" O

Localización:
Concello de Touro

Mina de Touro

Motivo: Despois de máis de 30 anos, -a pesar do recoñecemento da Administración e da mercantil dona dos terreos e os dereitos mineiros-, de verteduras e contaminación por drenaxe aceda de mina, as continuas denuncias por verteduras ao dominio público hidráulico (DPH), as sancións e as solucións achegadas polos danos ocasionados foron irrisorias. As augas dos ríos do DPH que pasan pola zona mineira están totalmente contaminadas por metais pesados e presentan valores de pH extremadamente acedos. Augas de Galicia segue consentindo as verteduras a estes ríos que se atopan dentro da Unidade ambiental do Plan Director RN2000.

Antecedentes: A coñecida como mina de Touro -concesión mineira San Rafael nº 2946- foi unha mina ao descuberto para a extracción de cobre que estivo activa entre 1974 e 1986, comunicando o seu cesamento de actividade definitivamente en 1988 sen que se realizase por parte das distintas empresas concesio-narias un plan de restauración integral, máis aló de cuestións puntuais como plantacións de eucaliptos nalgunhas terras ou a conversión doutra zona en entulleira ilegal de residuos

A CORUÑA BANDEIRA NEGRA POR CONTAMINACIÓN




perigosos –agora clausurado con financiamento de fondos públicos-. Outro dos usos por parte da mercantil dona dos terreos foi converter outra parte da zona mineira en depósito de residuos non perigosos a través dunha planta de tratamento de lodos de depuradoras orixinando cheiros nauseabundos á poboación limítrofe e lixiviados polos terreos afectando as augas de esorrentía e subterráneas.

Tamén se realiza extracción de áridos, a pesar de tratarse de rocas xeradoras de acidez, causando enormes nubes de po que chegan ás vivendas e campos agrícolas da poboación das inmediacións.

Difícilmente poden considerarse estas actividades como un proxecto de restauración ambiental. Esta situación provocou graves danos nos ríos da contorna que entran en contacto coas balsas de drenaxe e o depósito de estériles, construído orixinalmente sobre unha zona de brañas e humidais, o que supuxo a xeración de augas acedas de mina que verten aos ríos da conca do río Ulla.


Varios dos leitos (Portapego, Felisa, Burgo, Pucheiras, afluentes dos ríos Lañas e Brandelos) presentan altos niveis de contaminación por metais pesados sendo responsable da contaminación dos sedimentos que chegan río abaixo ata a súa desembocadura na ría de Arousa. Estes ríos non contan con ningún tipo de vida ictícola debido ás malas condicións das augas procedentes dos terreos e balsas da vella mina.

Contexto: Actualmente esta situación é motivo de denuncia ante os distintos departamentos da Administración (Augas de Galicia, Consellería de Medio Ambiente, Dirección xeral Planificación Enerxética e Recursos Naturais, Valedora do Pobo, Fiscalía Medio Ambiente, Seprona). Requiriuse á mercantil unha solución en 2018, un proxecto de drenaxe integral, actualmente en fase de



Varios dos leitos (Portapego, Felisa, Burgo, Pucheiras, afluentes dos ríos Lañas e Brandelos) presentan altos niveis de contaminación por metais pesados que verten as súas augas ao río Ulla. Lestes ríos non contan con ningún tipo de vida ictícola debido ás malas condicións das augas procedentes das balsas da vella mina.

A CORUÑA BANDEIRA NEGRA POR CONTAMINACIÓN



estudio por parte da Administración e que non resolve as problemáticas descritas, no que a mercantil vincula a súa realización ao reinicio dunha nova explotación mineira no territorio, o que viría agravar máis a situación.

O proxecto de reapertura da mina formalizouse en 2017, cun proxecto totalmente inviable, despois de numerosos informes negativos e unha inmensa resposta social en contra, obtivo unha DIA e unha resolución negativa

Resumo: Ao río Ulla, - a segunda conca hidrográfica en importancia de Galicia, que desemboca na ría de Arousa- , chegan as augas dos ríos contaminados por drenaxe aceda de mina procedentes da mina de Touro. Como “solución”, desde 2002 a mercantil e a Administración consideraron que a restauración con tecnosoles é a principal medida preventiva e correctiva para a acidificación das augas que segundo un informe de IGME de 2017 conclúe:

“...Un detalle que se sinalou en Touro é o de que este tratamento pode supoñer un aumento dos niveis solubles de Cu, Pb, Ni e Zn...con afección sobre as augas superficiais non se han resolvido. Coa aplicación de tecnosoles, a condutividade eléctrica incrementouse, así como os contidos extraíbles de varios elementos (Cu, Pb, Zn)..”

A segunda solución achegada do proxecto integral de drenaxe das augas, tampouco resolve a situación. As augas residuais para as que está deseñada a denominada planta de tratamento de augas da balsa de Vieiro non se corresponden nin cualitativa nin cuantitativamente cos efluentes xerados actualmente na explotación mineira senón para os efluentes que se producirían de reactivarse a explotación, ademais de quedar fose do proxecto gran parte da zona afectada.



O proxecto de reapertura da mina formalizouse en 2017, cun proxecto totalmente inviable, despois de numerosos informes negativos e unha inmensa resposta social en contra, obtivo unha DIA e unha resolución negativa.


A CORUÑA BANDEIRA NEGRA POR CONTAMINACIÓN



Solucións ou propostas de mellora: Decretar a caducidade do dereito mineiro que impida unha nova reactivación da actividade mineira que poida ampliar e perpetuar a contaminación dos actuais e novos cursos de auga superficial e subterráneas.

A planta de depuración e tratamento de augas propostas, aínda que é un elemento necesario e que se requiría desde o primeiro momento, non menos importante é a canle perimetral que debe ter carácter permanente en todo o perímetro mineiro de ambas as curtas -Arinteiro e Bama-.

Impedir as verteduras ao dominio público hidráulico en ambas as zonas, denegando calquera autorización de verteduras; que funcione en circuíto pechado das augas, non permitindo a saída ao exterior, xa que a eliminación de metais pesados non se poderá evitar; evitar o uso en todas as instalacións do terreo mineiro de augas do caudal público hidráulico, que son para abastecer á poboación, para uso das actividades do terreo da mineiro, limitando a súa dependencia hídrica ás augas do circuíto pechado da planta de depuración.



*Ecoloxistas en Acción
demanda á Xunta de
Galicia que se decrete a
caducidade do dereito
mineiro que impida unha
nova reactivación da
actividade mineira que
poida ampliar e perpetuar
a contaminación dos
actuais e novos cursos de
auga superficial e
subterráneas.*

LUGO BANDEIRA NEGRA POR MALA XESTIÓN



Coordenadas:
43° 38' 21.012" N
7° 20' 26.52" O


Localización:
Concello de Burela.

Praia da Areoura

Motivo: A praia de Areoura, pretencente á parroquia de Cangas de Foz, é o areal máis próximo ao núcleo urbano de Burela. Atópase nunha pequena cala ao sueste da localidade e a pesar da importancia social deste feito foi esquecida e asoballada por diferentes infraestruturas e desenvolvementos urbanísticos. Este ano sufriu ou impacto directo do derruba-minto parcial da N-642 polo mal deseño das drenaxes baixo a estrada e o FEVE, mentres seguen en pé os chalés ilegais a pesar das sentenzas que avalan o derrubamento.

Antecedentes: A praia de Areoura é un areal que suma á súa beleza a relevancia científica de acoller o lugar de interese xeolóxico (LIG) nomeado “Zona de cizalla basal do manto de Mondoñedo na Praia de Areoura”. O descoñecemento de leste interese científico e potencial didáctico non impide que sexa un areal moi frecuentado debido á súa proximidade ao núcleo urbano de Burela. Esa localización máis a calidade da súa paisaxe fixérona desde hai décadas obxecto de intentos reiterados de aproveitamento económico privado, a través dun urbanismo agresivo e descoidado, pasando mesmo o marco legal.

LUGO BANDEIRA NEGRA POR MALA XESTIÓN



As agresións comezan na década dos oitenta do pasado século cando o construtor Varela-Villamor iniciou un edificio de 6 plantas sobre o areal e unha urbanización sobre a pena ao sueste da praia. Para evitar os danos das ondas mesmo estaba defendido por un muro de contención. Afortunadamente este edificio non se chegou a finalizar xa que tras a aprobación da lei de Costas no ano 1988 foi denunciado polo Colexio de Arquitectos de Galicia e, tras unha longa traxectoria xudicial, demolido no ano 2002.

Con todo, os chalés arriba da mesma praia, ilegalizados tamén no seu día por non ter saneamento, seguen en pé como tantas outras tenras inacabadas na Mariña desde a época da burbulla inmobiliaria.

Pola outra banda, á beira da praia pasan as dúas principais infraestruturas de comunicación viaria da Mariña Occidental, a nacional 642 e a vía do FEVE, ambas superando o arroio que desemboca na cala mediante enormes terrapléns e muros de formigón de case 20 metros de altura que ao tempo impactan visualmente na súa contorna e constitúen barreiras á accesibilidade. As tubaxes de drenaxe que permiten o paso do arroio non soportaron a crecente torrencialidade do clima galego, e do mesmo xeito que sucedera coa trágica crecida torrencial en Viveiro hai poucos anos, unha choiva forte en 2022 dió lugar á obturación dos mesmos, o embalsamiento das augas e colapso das infraestruturas sobre a praia. A pesar do interese científico, ambiental, paisaxístico e social deste areal, as administracións non foron quen de construír á súa redor unha contorna amable e accesible para o público con seguridade.

Contexto: As autoridades políticas séguense mostrando cegas con respecto ao medio natural e ao seu interese social. A súa sensibilidade aos criterios ambientais e as demandas da sociedade están moi por baixo da influencia dos criterios dun desenvolvemento



As agresións comezan na década dos oitenta do pasado século cando o construtor Varela-Villamor iniciou un edificio de 6 plantas sobre o areal e unha urbanización sobre a pena ao sueste da praia. Para evitar os danos das ondas mesmo estaba defendido por un muro de contención.

LUGO BANDEIRA NEGRA POR MALA XESTIÓN




mento económico especulativo. Non se esixen responsabilidades e atrásanse as rectificacións. A praia da Areoura está delimitada por urbanizacións ilegais a medio facer cara ao sueste, infraestruturas de elevado impacto e inseguras ao sur e urbanizacións privadas que impiden o tránsito legalmente esixido polo Dominio Público Marítimo Terrestre (DPMT). O único acceso é un vial estreito sen beirarrúas, inseguro e perigoso, que prioriza o tráfico rodado sobre o peonil o ciclista. Recentes manifestacións do alcalde de Foz prometen -outra vez- a mellora da súa xestión.

Resumo: A contorna da praia de Areoura é un exemplo de mala xestión por todas as administracións (concellos de Foz e Burela, Xunta de Galicia e Ministerio de Transportes e de Transición Ecolóxica) da contorna dun areal de indubidable interese social pola súa localización, cun acceso difícil e perigoso para o tránsito peonil e ciclista, construcións ilegais, infraestruturas mal deseñadas e ocupación privada do DPMT.


Solucións ou propostas de mellora:

- ✓ Cumprimento da legalidade: demolición inmediata dos chalés da contorna e posta dese espazo ao dispor da veciñanza, recuperación para o acceso público do DPMT.
- ✓ Habilitación de senllas de acceso costeiro a pé e en bicicleta polo DPMT tanto cara a Foz como cara a Burela.
- ✓ Apantallamiento paisaxístico das infraestruturas viarias N-642 e FEVE ao seu paso ao sur da praia.
- ✓ Divulgación e aproveitamento pedagóxico do interese científico xeolóxico do areal.



O único acceso á praia Areoura é un vial estreito sen beirarrúas, inseguro e perigoso, que prioriza o tráfico rodado sobre o peonil o ciclista. Recentes manifestacións do alcalde de Foz prometen -outra vez- un cambio a mellor na súa xestión.

LUGO BANDEIRA NEGRA POR CONTAMINACIÓN



Coordenadas:
43°33'29.7"N
7°10'37.8"W

Localización:
Concello de Cervo.

Factoría de Alcoa en San Cibrao

Motivo: Alcoa degradou por completo unha zona costeira de gran valor ecolóxico, e converteu toda a área nun espazo fortemente deteriorado. Esta planta é a industria máis contaminante de Galicia e unha das máis contaminantes de España.

Antecedentes: En 1980 inaugúrase Alumina Aluminio. Esta empresa foi vendida á multinacional canadense Alcoa en 1998. A alúmina española de Alcoa foi reincidente coa Bandeira Negra desde o ano 2015 ao 2020. Ademais, desde hai anos veñen denunciando vertidos de sosa cáustica que están a afectar á saúde das persoas e á contorna mariña.

Neste sentido, ademais da contaminación directa que estas verteduras supoñen, este tipo de vertedura está relacionado coa desaparición dos bosques mariños de laminaria (algas pardas tamén denominadas kelp) . A contaminación por flúor afecta a 3 km de radio ao redor da factoría. Alcoa fué condenada, xa, dez veces a indemnizar con máis de 4 millóns de euros a particulares con leiras na contorna da factoría.

LUGO BANDEIRA NEGRA POR CONTAMINACIÓN



A planta de San Cibrao emitiu un millón de toneladas de CO₂ en 2020. A súa demanda eléctrica é responsable de boa parte da pegada de carbono orixinada en Galicia, ao ser a maior empresa consumidora de enerxía da Comunidade.

Contexto: A factoría álzase a beiras do mar Cantábrico, producindo alúmina e aluminio primario. As emisións veñen afectando durante décadas a veciños, gañado e cultivos da zona. Para manter ese consumo enerxético impórtanse precisamente combustibles fósiles. No caso de Alcoa San Cibrao, a bauxita provén da minería en Guinea Conakry. Nun informe de Human Rights Watch, denúnciase a escasa compensación para os habitantes da zona, a destrución de terras ancestrais e recolle testemuños que revelan que desde o comezo da minería, escaseou a auga para a poboación.


En 2020 a multinacional Alcoa anunciou o peche da factoría para mediados de 2021, o que supoñería a perda de 1.100 postos de traballo directos e outros tantos indirectos. Tras un conflito laboral e a mediación das administracións, chegouse a un acordo para a continuidade da actividade e o futuro do persoal. Actualmente a planta de alúmina produce ao 50% da súa capacidade e a produción de aluminio está paralizada á espera de recobrar a súa actividade en 2024.

Resumo: Existe un grave risco ambiental debido á acumulación de residuos tóxicos xerados no proceso de produción, lodos vermellos, que se están acumulando nunha balsa de grandes dimensións. A 2 km de Alcoa e a escasos 800 metros do Mar Cantábrico existe unha gran entulleira de lodos tóxicos e corrosivos ao descuberto: unha balsa de 87 hectáreas de superficie e 42 hectómetros cúbicos de capacidade. Unha hipotética rotura do dique provocaría unha catástrofe social, económica e ecolóxica, debido ás súas repercusións sobre a



Existe un grave risco ambiental debido á acumulación de residuos tóxicos xerados no proceso de produción, lodos vermellos, que se están acumulando nunha balsa de grandes dimensións. A 2 km de Alcoa e a escasos 800 metros do Mar Cantábrico existe unha gran entulleira de lodos tóxicos e corrosivos ao descuberto: unha balsa de 87 hectáreas de superficie e 42 hectómetros cúbicos de capacidade.

LUGO BANDEIRA NEGRA POR CONTAMINACIÓN



poboación, os sectores pesqueiro e turístico e o ecosistema mariño no seu conxunto, con especial afectación á Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA) Costa dá Mariña Occidental

O transporte por estrada destes residuos tinguen de vermello as marxes das pistas polos que pasan os camións que as transportan e na zona oeste da praia de Lieiro existen verteduras continuas procedentes de filtracións de Alcoa.

Solucións ou propostas de mellora: A solución ao peche dunha empresa como Alcoa, insostible desde o punto de vista enerxético e ambiental pero da que, ao mesmo tempo, dependen tantas familias e que supón o motor económico dunha comarca como A Mariña non pode quedar en mans da especulación dos mercados. Desde o ecoloxismo social cremos que é necesario conciliar o mundo do traballo e a defensa dos dereitos dos traballadores coa defensa do medio ambiente. A nosa proposta pasa pola nacionalización de Alcoa cun obxectivo estratéxico, posibilitar unha transición ecosocial planificada democraticamente pola poboación da comarca.

É necesario o desmantelamento da actividade contaminante, incluída a balsa de lodos tóxicos, cuxo custo ten que asumir a empresa en base á débeda ecolóxica que ten coa comarca, e a creación de empregos sostibles, por exemplo na reciclaxe de aluminio. Hai que ofrecer unha alternativa económica e ecolóxica-mente sostible á vez que restaurar a contorna ambiental, fortemente degradado.

**INFORME
BANDEIRAS NEGRAS
GALIZA 2023**



FEDERACIÓN	PROVINCIA	MODALIDAD	BANDERA
Andalucía	Huelva	Mala Gestión	Playa de La Antila
		Contaminación	Ría de Huelva.
	Cádiz	Mala Gestión	Tarifa, por la acumulación de proyectos urbanizadores.
		Contaminación	Vejer por contaminación en el palmar y por ocupación invasiva del litoral.
	Málaga	Mala Gestión	Construcción de la Senda Litoral
		Contaminación	Contaminación lumínica del litoral de la costa de Málaga
	Granada	Mala Gestión	Playa de La Herradura
		Contaminación	Playa del Pozuelo-La Rábida
Almería	Mala Gestión	Playa Algarrobo	
	Contaminación	Playas de la RED NATURA 2000 de Roquetas de Mar.	
Asturias		Mala Gestión	Regasificadora del Musel
		Contaminación	Playa de Bañugues
Cantabria		Mala Gestión	Graves deficiencias en el sistema de saneamiento del Bajo Asón
		Contaminación	Playas y aparcamientos de Liencres
Catalunya	Tarragona	Mala Gestión	Delta del Ebro
		Contaminación	Preventorio de La Savinosa
	Barcelona	Mala Gestión	Playa de Vallcarca
		Contaminación	Playas de Badalona
	Girona	Mala Gestión	Playas de Begur
		Contaminación	Golfo de Roses
Ceuta		Mala Gestión	El LICES6310002 del Monte Hacho
		Contaminación	Litoral frente a la desaladora de Ceuta y su bahía norte
Euskal Herria	Bizkaia	Mala Gestión	Diputación Foral de Bizkaia por el proyecto de crear un Guggenheim 2,3 en Urdaibai
		Contaminación	Petronor, por su historial de vertidos contaminantes al río Barbadun y ocupación ilegal de terreno público de Costas
	Gipuzkoa	Mala Gestión	Bahía de La Concha
		Contaminación	Mutriku
Galiza	Pontevedra	Mala Gestión	Concello de Vigo por designar playa canina al arenal de A Calzoa
		Contaminación	Factoría de ENCE en Pontevedra y Tribunal Supremo
	A Coruña	Mala Gestión	Mina de San Finx, Lousame
		Contaminación	Mina de Touro
	Lugo	Mala Gestión	Playa de Areoura
		Contaminación	Factoría de Alcoa en San Cibrao
Illes Balears		Mala Gestión	Proliferación y descontrol de las motos náuticas
		Contaminación	Fiestas náuticas nocturnas en la Colònia de Sant Jordi
Islas Canarias	Santa Cruz de Tenerife	Mala Gestión	Playa del Médano
		Contaminación	Franja marina de Fuencaliente, isla de La Palma
	Las Palmas	Mala Gestión	Playa La Francesa
		Contaminación	Ampliación del Puerto de Corralejo
Melilla		Mala Gestión	Construcción de una pasarela que una la cala de Galápagos con la de Trápana
		Contaminación	Vertidos de fecales en la bahía de Melilla
País Valencià	Alacant	Mala Gestión	Cala Mosca, en Orihuela Costa
		Contaminación	Contaminación y vertido en el Arenal de Xàbia
	Valencia	Mala Gestión	Platja de l'Arbre del Gos
		Contaminación	Playas de València
	Castelló	Mala Gestión	Playa del Fortí
		Contaminación	Playa del Surrach
Región de Murcia		Mala Gestión	Mar Menor
		Contaminación	Portman y Sierra Minera